



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

ASISTENCIA PLENO 250327:

Presidente:

Don José Muíño Domínguez

Concelleiros:

Don Carlos Allo Cundíns
Dona Begoña Torrado Lema
Dona Sandra Méndez Blanco
Dona Sonia Sande Lista
Dona Sheila Recarey Varela
Don Borja Andrade Montes
Dona Sandra Redondo Fernández
Dona Tatiana Rellán Castro
Dona Alba Villar López

Ausencias:

Don Marcos Lois Costa

ACTA DA SESIÓN

Secretaría:

Dona María Garrote López

Intervención:

Patricia Chas Filgueiras.

ORDINARIA DO PLENO DO VINTE E SETE DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E CINCO (250327)

No Concello de Cabana de Bergantiños, o vinte e sete de marzo de dous mil vinte e cinco, ás vinte horas e dous minutos, reuníronse no salón de sesións habilitado para o efecto, baixo a presidencia do señor alcalde don José Muíño Domínguez, coa asistencia secretaria e dos señores concelleiros relacionados ao marxe; co obxecto de desenvolver unha sesión **ordinaria** do Pleno, en base a Orde do día circulada e para o que foron legalmente convocados.

O señor alcalde escusa a ausencia dos relacionados á marxe.

A señora secretaria verifica que na primeira convocatoria existe quórum suficiente de constitución.

Unha vez que a Presidencia abriu o acto, pasouse a tratar os asuntos comprendidos na Orde do día.

Primeiro.- Aprobación da acta do pleno da corporación de 30 de xaneiro de 2025.

Sometida a acta á consideración do Pleno este a aproba por unanimidade dos presentes sen corrección algunha.

Segundo.- Modificación de crédito nº8 mediante suplemento de crédito (2025/T002/000008).

Consta ditame favorable da Comisión informativa de Facenda.

O alcalde expón a proposta.

PROPOSTA DE ALCALDÍA: MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº8 MEDIANTE SUPLEMENTO DE CRÉDITO.



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

Tendo en conta o disposto no art. 177 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Considerando que en desenvolvemento e execución do Orzamento prorrogado para o exercicio 2025 apreciouse a insuficiencia do crédito previsto nas aplicacións 933.60900 e 011.913.

A cantidade destinada a amortización de débeda na aplicación 011.913 prodúcese por aplicación do artigo 32 LOEPSF que establece que *"en el supuesto de que la liquidación presupuestaria se sitúe en superávit, este se destinará, en el caso del Estado, Comunidades Autónomas, y Corporaciones Locales, a reducir el nivel de endeudamiento neto siempre con el límite del volumen de endeudamiento si éste fuera inferior al importe del superávit a destinar a la reducción de deuda."*

Vistos os Informes de Intervención, esta Alcaldía propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito nº 8 do Orzamento da Corporación prorrogado para o ano 2025, mediante suplemento de crédito, financiado con remanente líquido de tesourería para gastos xerais co seguinte detalle:

GASTOS.

APLICACIÓN	INCREMENTO	FINALIDADE	MODIFICACIÓN
933.60900	160.114,98 €	Centro de interpretación medioambiental e de recepción de visitantes do Estuario do Anllóns	SUPLEMENTO DE CRÉDITO
011.913	68.602,21 €	Amortización de préstamos a longo prazo de entes de fora do sector público	SUPLEMENTO DE CRÉDITO
TOTAL	228.717,19 €		

INGRESOS.

CONCEPTO	INCREMENTO	DESCRIPCIÓN
87000	228.717,19 €	Remanente líquido de tesourería para gastos xerais

SEGUNDO.- Expoñer ao público o acordo de aprobación inicial mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia polo prazo de 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán presentar as reclamacións que estimen convenientes ante o Pleno. Estas reclamacións serán resoltas polo Pleno no prazo dun mes. No caso de non se presentaren reclamacións durante o período de exposición pública, considerarase definitivamente aprobado o citado expediente, entrando en vigor una vez cumprido o disposto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais. Cabana de Bergantiños, na data de sinatura electrónica. O alcalde, José Muíño Domínguez.

A continuación prodúcese o debate.

Dona Tatiana Rellán Castro, coa venia da presidencia, indica: No informe de Intervención di que hai endebedamento a longo prazo coa Deputación
O alcalde contesta: O PAI, o POS agora.



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

Dona Tatiana Rellán Castro, coa venia da presidencia, pregunta: E a débeda coa Xunta de Galicia, cal é?

O alcalde resposta: Para o arranxo da reitoral.

Dona Tatiana Rellán Castro, coa venia da presidencia, pregunta: Esto conta como débeda viva?

O alcalde contesta :A débeda viva é con entidades bancarias.

A interventora sinala que os 380.000€ son con Abanca.

Dona Tatiana Rellán Castro, coa venia da presidencia, di: Con que fin?

O alcalde resposta: Variou. O principio era para compra de solo e logo diferentes inversións.

Dona Tatiana Rellán Castro, coa venia da presidencia, pregunta: E a débeda viva total?

A interventora di que non sabe o montante total con exactitude, sobre un millón de euros.

O alcalde contesta: A débeda viva so é coas entidades bancarias.

Nós collemos o PAI para inversión. A deputación primeiro dixo que non se devolvía e agora di que si.

Dona Tatiana Rellán Castro, coa venia da presidencia, pregunta: A débeda do concello ascende a aproximadamente un millón.

O alcalde resposta: Chámaslle así pero non é así.

Dona Tatiana Rellán Castro, coa venia da presidencia, sinala: Non se cumpre a regra de gasto.

A interventora, coa venia da presidencia, di que si.

Proxéctase o informe de intervención sobre estabilidade e a interventora explica que si se cumpre.

A continuación a concelleira indica que segundo o informe de intervención habería que levar a cabo un plan.

A interventora , coa venia da presidencia, explica que os plans se elaboran tras constatarse coa liquidación. Indica que no seu informe unicamente sinala que "se recomenda cautela á corporación local para poder cumprir coa estabilidade e coa regra de gasto"

Dona Tatiana Rellán Castro, coa venia da presidencia, di: Non vai haber ningún tipo de gasto, entendo.

O alcalde resposta: Non.

Sometida a proposta a consideración do Pleno, este a aproba por sete votos a favor (don José Muíño Domínguez, don Carlos Allo Cundíns, Dona Begoña Torrado Lema, dona Sandra Méndez Blanco, dona Sheila Recarey Varela, don Borja Andrade Montes e dona Sonia Sande Lista) e tres en contra (dona Tatiana Rellán Castro, dona Sandra Redondo Fernández e dona Alba Villar López) a proposta da Alcaldía anteriormente transcrita en todos os seus termos.

Terceiro.- EXERCICIO DA ACTIVIDADE ECONÓMICA DE BAR NA CASA DO PENDÓN: TABERNA MARIÑEIRA (2025/X999/000087)

Consta ditame favorable da Comisión informativa de Asuntos de Pleno

O alcalde le a proposta.

PROPOSTA DA ALCALDÍA: EXPEDIENTE PARA O EXERCICIO DA ACTIVIDADE ECONÓMICA DE BAR NA CASA DO PENDÓN. DESIGNACIÓN DA COMISIÓN DE ESTUDO.



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

Vista a oportunidade e conveniencia para este Municipio do exercicio da iniciativa pública para o desenvolvemento da actividade económica de bar no inmovible coñecido como Casa do Pendón, con referencia catastral 15014A026006190000AI, e sendo de interese deste Concello asumir a explotación da devandita actividade económica co fin de poñer en valor a explotación do mesmo en réxime de libre concorrencia co mercado, tendo en conta que inmovible foi obxecto de rehabilitación no ano 2019 e se considera idóneo de cara a promoción da actividade turística municipal.

Visto expediente iniciado para o exercicio da actividade económica de café-bar, e visto o informe emitido pola Secretaria da Corporación de 19/03/2025 de conformidade co artigo 97.1 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en Materia de Réxime Local - TRRL-,

PROPOÑO AO PLENO:

PRIMEIRO.- Constituír unha Comisión de Estudo integrada polos seguintes membros:

1º.- Presidente:

- Sr. D. José Muíño Domínguez, alcalde do Concello de Cabana de Bergantiños.

2º.- Vogais:

- Sr. D. Enrique Vilar Gantes, arquitecto.

- Sr. D. Martín Martínez Rioboo, técnico de cultura.

- Sra.Dª María Silvana Facal Martínez, axente de emprego e desenvolvemento local.

- Sr. Dª Silvia Mª Losada Crende, coordinadora de actividades culturais.

- Sr. Dª Patricia Chas Filgueiras, interventora de a Corporación, ou persoa que legalmente a substitúa.

Actuará como Secretaria da Comisión dona María Garrote López, secretaria da Corporación, ou persoa que legalmente a substitúa.

SEGUNDO.- Dispoñer que dita Comisión elabore no prazo de dous meses desde a súa constitución, a Memoria xustificativa á que fai referencia o artigo 97 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local -TRRL-, e artigos 57 e seguintes do Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizo das Corporacións Locais -RSCL-, debendo quedar garantido en todo caso o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e da sustentabilidade financeira do exercicio das competencias da Corporación municipal, supeditando dito prazo á obtención de autorizacións sectoriais ou cuestións de viabilidade técnica da actividade.

TERCEIRO.- Someter á consideración do Pleno a citada Memoria, unha vez redactada pola Comisión de Estudo, a efectos da súa aprobación. En Cabana de Bergantiños. O alcalde, José Muíño Domínguez.

A continuación prodúcese o debate.

Dona Tatiana Rellán Castro, coa venia da presidencia, pregunta: Moi ben. Xa había tempo que comentamos o da taberna mariñeira. Alegrámonos.

O que vemos é que a comisión ten dous meses para a memoria. E despois ten que estar exposta un mes e despois saíría a licitación...para o verán non é.

O alcalde contesta: Será difícil.

Dona Tatiana Rellán Castro, coa venia da presidencia, pregunta: Fora do verano, pode ser?

O alcalde resposta: Si. Normalmente a licitación levará aparelladas obras. Para a próxima primavera.



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

Dona Tatiana Rellán Castro, coa venia da presidencia, pregunta: A memoria xustificativa, que leva?

A secretaria, requerida polo alcalde indica que os aspectos técnico, xurídicos e económicos para decidir a forma do exercizo da actividade económica.

O alcalde di: Inda hai pouco que acabou a restrición.

Indica que actualmente se está usando con outros usos.

Dona Tatiana Rellán Castro, coa venia da presidencia, di: Está case en desuso.

Sometida a proposta a consideración do Pleno, este a aproba por unanimidade dos presentes a proposta da Alcaldía anteriormente transcrita en todos os seus termos.

Cuarto.- - DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA DITADAS DO 27 DE XANEIRO Ó 21 DE MARZO DE 2025.

Dona Tatiana Rellán Castro pregunta polos seguintes decretos:

1. Decreto 132/2025. É a concesión dun pago a xustificar a vostede por 1500€. Cal é o contido exacto?

O alcalde contesta: O intercambio, o irmandamento con Treize Septiers, o concello francés.

A concelleira pregunta: Viaxaron anteriormente nenos a Francia?

O alcalde resposta: Si. É fundamental contar coa axuda dos profesores

Dona Tatiana Rellán Castro, coa venia da presidencia, pregunta: Xa se falou co centro de As revoltas?

O alcalde contesta: Si. Estamos neso.

Aparte hai un intercambio con adultos.

Nós temos unha ferramenta esencial, que é o albergue, sempre que non sexa en época alta.

Viñeron catro persoas. Visitamos o albergue, as instalación de Cabana, actividades nas parroquias, etc.

Fixemos dúas excursións: Fisterra e Santiago.

Dona Tatiana Rellán Castro, coa venia da presidencia, pregunta: Non sería mellor visitar as zonas emblemáticas de Cabana?

O alcalde resposta: Xa as coñecen.

Dona Tatiana Rellán Castro, coa venia da presidencia, pregunta: A alcaldesa é a mesma?

O alcalde contesta: Desde o 2008.

Dona Tatiana Rellán Castro, coa venia da presidencia, pregunta: A xustificación deses gastos...

O alcalde resposta: Agora computo os gastos e llos paso á Interventora. Se suman menos, devolvo.

2. Decreto 131/2025. Designación de avogado e procurador no Xulgado do social, de que é?

O alcalde di: Un traballador solicita unha compensación por facer funcións doutra categoría.

Dona Tatiana Rellán Castro, coa venia da presidencia, pregunta: Que traballador?

O alcalde contesta: O auxiliar de policía. Intentou meterse na estabilización.

Dona Tatiana Rellán Castro, coa venia da presidencia, pregunta: Obxectivamente un auxiliar de policía auxilia, non sabemos a quen auxilia. Legal non é.



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

O alcalde resposta: Antes había un policía. Un auxiliar é o que auxilia, o policía marchou.

Intentouse a estabilización e non foi posible. A ver en que queda.

Dona Tatiana Rellán Castro, coa venia da presidencia, di: Un auxiliar non pode estar sen policía. Estamos incorrendo nunha ilegalidade.

O alcalde contesta: A ver que di o Xulgado.

Dona Tatiana Rellán Castro, coa venia da presidencia, sinala: É temporal

O alcalde resposta: Esto ven de arriba. Pasa noutros concellos.

Dona Tatiana Rellán Castro, coa venia da presidencia, pregunta: Na volta?

O alcalde contesta: Hai varios concellos nesta situación.

Dona Tatiana Rellán Castro, coa venia da presidencia, pregunta: A culpa de quen é?

O alcalde resposta: É circunstancial. O auxiliar debería poder traballar so.

Se te atañas á lei, teríamos que ir a un despido. A solución é a indemnización.

Dona Tatiana Rellán Castro, coa venia da presidencia, pregunta: Se se estabiliza sería policía local?

O alcalde contesta: Habería que velo. Non podería levar arma, podería notificar.

A nosa intención é que siga traballando.

Dona Tatiana Rellán Castro, coa venia da presidencia, pregunta: Está facendo unha función de usurpación. O papel que firma podería non ter validez:

O alcalde resposta: A ver que di o Xuíz. Pode facer papeis que non lle sirvan á xente.

Dona Tatiana Rellán Castro, coa venia da presidencia, pregunta: Este concello sabe que está asumindo funcións que non pode. Se firma papeis que non pode...o propio concello está incorrendo en ilegalidade.

O alcalde contesta: Nós intentamos no momento a estabilización e se lle dan unhas funcións concretas.

Dona Tatiana Rellán Castro, coa venia da presidencia, sinala: O único legal é que fora policía local.

O alcalde sinala: Necesita Cabana un policía?

Dona Tatiana Rellán Castro, coa venia da presidencia, pregunta: Eu creo que si, por seguridade.

O alcalde contesta: A seguridade non é da policía local. Isto xa o temos falado. Eu creo que non.

Dona Tatiana Rellán Castro, coa venia da presidencia, pregunta: Ulises Bértolo e o procurador, por que eles?

O alcalde resposta: É un servizo xurídico.

Dona Tatiana Rellán Castro, coa venia da presidencia, pregunta: Un contrato, un convenio...

O alcalde contesta: Un contrato.

Dona Tatiana Rellán Castro, coa venia da presidencia, pregunta: Canto lles vai a costar?

O alcalde resposta: Non sei.

Dona Tatiana Rellán Castro, coa venia da presidencia, pregunta: Cobran a maiores? A asesoría é para a corporación ou tamén para os veciños?

O alcalde contesta: Si, a maiores.

É para os veciños, e veñen. Hai dous días pero teñen que chamar antes e pedir cita.

Eles teñen xuízos e non sempre poden estar eses días.



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

3. O decreto 110/2025. Solicitud de subvención para a prestación do servizo de vixilancia, rescate e salvamento ano 2025. Cantos espazos se van a cubrir?

O alcalde resposta: Rebordelos e Navaliños

Dona Tatiana Rellán Castro, coa venia da presidencia, pregunta: Empresa externa por contrato de servizos? Non contratación directa?

O alcalde contesta: Non, vai ser contrato.

4. Decreto 96/2025. Aprobación de facturas. A concelleira pregunta por unha factura de Bermor.

Se lle indica que é pola firmeza da liquidación.

5. Decreto 93/2025. Subvención para a habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais. Mellora de aceras, de que tipo?

O alcalde contesta: O firme.

Dona Tatiana Rellán Castro, coa venia da presidencia, pregunta en relación co tráfico: Falouse coas empresas?

O alcalde resposta: Non hai que cortar.

6. Decreto 88/2025. Solicitud de subvención para o proxecto "Instalación de xardíns verticais no Concello de Cabana de Bergantiños. Cal é a localización concreta?

O alcalde contesta: Unha en Neaño e a outra entre a escola e o concello.

Dona Tatiana Rellán Castro, coa venia da presidencia, pregunta: E o custo de mantemento?

O alcalde resposta: É asumible.

7. Decreto 75/2025. Solicitud de subvención para o proxecto "Actuaciones de recuperación de muro tradicional y puesta en valor de casa museo de Saturnino Cuiñas en el entorno de Rectoral de Cesullas". Que se vai facer?

O alcalde contesta: Colgar cadros e recuperar documentación. Temos contacto coa familia, cun sobriño.

Dona Tatiana Rellán Castro, coa venia da presidencia, pregunta: Non vai ser unha casa museo. A casa museo está lexislada.

A concelleira sinala algúns requisitos que teñen que cumprir as casas museos.

O alcalde resposta: Non, vai ser un espazo para disfrutar.

Dona Tatiana Rellán Castro, coa venia da presidencia, sinala: A nivel turístico non é.

O alcalde contesta: É un referente para a cultura.

Dona Tatiana Rellán Castro, coa venia da presidencia, di: Pero a subvención é para infraestruturas turísticas.

O alcalde resposta: Aí entra un foco que é para recuperación de vivendas tradicionais e bens patrimoniais.

Dona Tatiana Rellán Castro, coa venia da presidencia, pregunta: A nivel turístico non aporta nada?

O alcalde contesta: A recuperación dunha casa de pedra ten interese turístico. Coidar ó entorno e recuperar as casas de pedra é de interese turístico.

Dona Tatiana Rellán Castro, coa venia da presidencia, pregunta: Por que se prioriza esta actuación sobre outros recursos?

O alcalde resposta: Porque tiñamos a autorización e é unha subvención con concorrencia non competitiva, por orde de entrada.



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

Dona Tatiana Rellán Castro, coa venia da presidencia, di: Non hai un plan estratéxico de turismo.

O alcalde contesta: Este é un concello pequeno.

De momento na provincia da Coruña a maioría dos plans estratéxicos de turismo non se cumpren.

Dona Tatiana Rellán Castro, coa venia da presidencia, di: Non o deberíamos denominar Casa Museo porque leva a unha ilegalidade.

8. Decreto 45/2025. Solicitud de subvención para actuacións en materia de residuos. Parécenos boa cousa que se pidan. Algún plan de información, de difusión?

O alcalde resposta: Si, nesa axuda.

Dona Tatiana Rellán Castro, coa venia da presidencia, pregunta: Dentro dese plan, que se vai facer?

O alcalde contesta: Faino a empresa.

Dona Tatiana Rellán Castro, coa venia da presidencia, pregunta: Tense prevista a licitación para a recollida de aceite?

O alcalde resposta: Si pero hai moitas cousas.

8. Decreto 29/2025. Interposición de recurso contencioso administrativo. Designación de abogado e procurador. Cal foi o motivo que levou o IDAE a un favorable parcial?

O alcalde contesta: Aplicar unha corrección financeira. Fíxose un recurso e nin o miraron.

A licitación foi cando oscilaba o prezo da enerxía. En ningún caso tiveron limitacións para concorrer. Foi un recorte de forma automática.

9. Decreto 104/2025. Aprobación do Plan Presupostario a medio prazo. A concelleira pregunta en base a que se fixo.

A interventora, coa venia da presidencia, contesta : Al presupuesto prorrogado. El 2024 y 2025 según la realidad y el 2026 en función de las previsiones del PIB,

Dona Tatiana Rellán Castro, coa venia da presidencia, indica: O que me chamou a atención é que no 2026 baixan os ingresos de capital e suben os gastos. Esta fluctuación a que se debe?

A interventora, coa venia da presidencia, contesta: Realmente son previsiones y se cuadran .El Ministerio dice que hay que tener en cuenta el crecimiento del PIB.

Dona Tatiana Rellán Castro, coa venia da presidencia, pregunta: Se a previsión do 2025 é real, a débeda viva do concello baixa a 900.829,92€

10. Hai decretos de subsanación de proxectos do POS.

O alcalde contesta: Son requerimentos de técnicos da Deputación. É normal.

Quinto.- Mocións de urxencia.

O alcalde indica que lle chegaron as mocións pola tarde e que non son urxentes.

Di: Tes que intentar , no posible, que estean para a orde do día.

Dona Tatiana Rellán Castro, coa venia da presidencia, pregunta: Non é urxente?

O alcalde resposta: Non. As mocións metelas antes do pleno

Dona Tatiana Rellán Castro, coa venia da presidencia, di: Si, por mi incluso poderíamos poñer a Orde do día conxunta.

O alcalde di: Si.

A concelleira di: Para min son urxentes, era para metelas pero tiven un problema técnico. De feito xa se teñen presentado a tempo e non ían



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Telefonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

O alcalde contesta: Eu fáloche de metelas. Hai un regulamento, porque eu sexa cordial..

Dona Tatiana Rellán Castro, coa venia da presidencia, di: Eu presentei en tempo e forma e non se levaron na orde do día. A próxima vez as mando a tempo ou as presento neste momento.

As mocións son as seguintes:

-EXTENSIÓN INTEGRAL DA REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA NA PARROQUIA DE ANÓS

-APERTURA E LIMPEZA DO CAMIÑO DE PEICEIRA Á AGRA E Á AGRA DE ABAIXO NA PARROQUIA DE SILVARREDONDA

- NECESIDADE URXENTE DE OBRAS NA PONTE DE XABARIDO E NA ESTRADA CP-1405 ENTRE BERES E CORCOESTO

Sometida a urxencia de cada unha das mocións a consideración do pleno este acorda por tres votos a favor (dona Tatiana Rellán Castro, dona Sandra Redondo Fernández e dona Alba Villar López) e sete votos en contra (don José Muíño Domínguez, don Carlos Allo Cundíns, Dona Begoña Torrado Lema, dona Sandra Méndez Blanco, dona Sheila Recarey Varela, don Borja Andrade Montes e dona Sonia Sande Lista), desestimar a urxencia das tres mocións.

Sexto-Rogos e preguntas.

Dona Tatiana Rellán Castro formula os rogos e preguntas.

1. Os orzamentos do 2025?

O alcalde resposta: para o pleno de maio.

2. A apertura do monte de Cabana? O concello dixo que se encargaba. No pleno pasado a escusa foi que estaba chovendo. Deixou de chover.

O alcalde contesta: Estivemos vendo o monte. O técnico está facendo a lista. Lévalle un tempo.

3. A documentación pendente de xullo...Nantón e a escola de vela. Segue dando largas. Deberíamos ter a documentación. É información importante que afecta ós intereses públicos. A escusa do pouco persoal..

O alcalde contesta: O tema do persoal e do tempo é importante.

Á igrexa se lle solicitou copia, E na Escola de Vela tamén.

Pedistes un montón de cousas. Non é que non cha queiramos dar. Non hai nada que esconder. Agora está todo informatizado pero antes non. Síntoo moito

4. A moción de protección civil. En xaneiro aprobouse a nosa moción. Que se ten feito?

O alcalde resposta: Dous meses parecen moito pero non. Temos que formar unha Comisión Xestora. Hai que abrir un prazo para a inscrición, despois facer a formalización e logo se elixiría á Xunta directiva.

A concelleira pregunta: E cando se vai facer?

O alcalde resposta: No próximo pleno.

Dona Tatiana Rellán Castro di: Xente agora haina.

5. O pasado 14 de febreiro de 2025 anunciou a nova páxina web. Pensamos que poderíamos felicitalos pero a nosa ledicia nun pozo.



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

Podo entender que escape do seu coñecemento porque se requiren coñecementos técnicos. Que lle parece?

O alcalde contesta: Nestes casos confío na xente que sabe, no técnico. O técnico informático fixo un informe que di que ten moitos fallos. Pode mellorarse.

Dona Tatiana Rellán Castro di: Non hai enlaces a redes, a parte de turismo inexistente, o mapa de puntos de intereses igual, non sinala festas, eventos, teléfono, fax, avisos de incidencias, opción galego/castelán..

Non está adaptada para móbiles.

Non está o aviso legal , a política de cookies, a política de privacidade.

Patrimonio, parroquias, memoria colectiva inexistente..

Unha persoa de fora quere visitar o concello e ,Onde está Cabana?

O alcalde resposta: Moitas desas cousas as indica Javier.

A concelleira di: Agora mesmo pediríamos volver á anterior.

O alcalde contesta: Non se lle pagou. É un elemento vivo. Faltan cousa.

Dona Tatiana Rellán Castro pregunta : A canto ascende a factura?

O alcalde di: Non sei, quizá 16.000€.

Dona Tatiana Rellán Castro pregunta: Que criterios se seguiron para seleccionar a esta empresa?

O alcalde resposta: Foi un criterio técnico. Non os coñezo de nada.

Dona Tatiana Rellán Castro di: Unha persoa de fora non se entera de nada.

Non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde da por terminado o acto, ás vinte e unha horas e catorce minutos do día da data, do que se estende a presente acta, que eu, a secretaria, certifico e asino, autorizando a mesma, xunto co señor alcalde.